

## MARÍA DE LAS MERCEDES GOICOA FERNÁNDEZ

Profesora Superior de Piano, polo Real Conservatorio de Música de Madrid. Inicia os seus estudos na Coruña baixo a dirección de Honoria Goicoa, Alberto Garaizabal e Pilar Castillo. Bolseira pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, continua a súa preparación pianística no Real Conservatorio de Música de Madrid, baixo a dirección artística do gran concertista José Cubiles, tendo como mestres a García da Parra, Moreno Bascuñana, Juan Tellería, Juan Ruiz-Casaux e Enrique Aroca. A súa formación pianística complétase en París cos mestres Lazare Levy e George Enesco.



Como profesional desenvolve unha gran traxectoria artística, tanto como solista, como con orquestra, actuando en diversas cidades de España e Francia. Colabora nas cátedras de piano do Real Conservatorio de Madrid. En 1963 inicia o seu labor docente como Profesora Superior de Piano no Conservatorio da Coruña. Posteriormente imparte paralelamente clases de piano coas de Música de Cámara.

Premios concedidos polo real Conservatorio de Música e declamación de Madrid

- Primeiro Premio de música de Cámara
- Premio de Interpretación de Música Francesa (curso impartido polo mestre Lazare Levy).
- Primeiro Premio de Piano
- Premio Extraordinario de Piano (María del Carmen)
- Premio Extraordinario de Virtuosismo.

É autora de diversas publicacións, en especial as relativas á análise musical. Colabora con artigos e entrevistas nas Revistas "Ritmo" e "Montsalvatge", no diario "La Voz de Galicia", e realiza crítica musical nas obras publicadas pola "Editorial Labor". Actúa como presentadora de diversas publicacións musicais. En 1987 é Comisaria da Exposición "Rubinstein e España".

É membro colaborador do Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses".

En 1986 é nomeada Académica Numeraria da Sección de Música da Real Academia Galega de Belas Artes da nosa Señora do Rosario, na que ingresa cun discurso titulado "Do estético expresivo á interpretación musical" . De 1993 ao 2003 forma parte da Xunta de Goberno como Bibliotecaria-Conservadora. O 26 de abril do 2003, é nomeada por unanimidade Presidenta. O 27 de Outubro de 2007, inicia o seu segundo mandato á fronte da Institución, ao ser reelixida por maioría absoluta.

Cabe destacar no seu labor académico, a creación e organización do "Arquivo Musical de Galicia".